

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, II: Inglés-Español				
Materia	Tradución idioma 2, II: Inglés-Español			
Código	V01G230V01507			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Lorenzo García, María Lourdes			
Profesorado	Álvarez Raposeiras, Cayetana Teresa Lorenzo García, María Lourdes			
Correo-e	llorenzo@uvigo.es			
Web	http://			
Descrición xeral	A materia concíbese como un espazo didáctico en que a/o alumna/o deberá alcanzar competencia na resolución de problemas de dificultade media de tradución de textos xerados en contextos xerais de dificultade media na combinación lingüística inglés > español (tradución 100% directa), sensibilizarse cos aspectos culturais dalgunha das comunidades de falantes da lingua estranxeira e desenvolver as súas habilidades e competencias profesionais na tradución de textos xerais de dificultade media redactados en inglés. Enténdese que o alumno está familiarizado cos principios metodolóxicos básicos da tradución, da tradución do inglés ao español (adquiridos a partir da materia Tradución Idioma II, 1 inglés-español) e que posúe coñecementos razoables das linguas de traballo. Dado que o inglés é a súa segunda lingua estranxeira, suponse que a súa competencia cultural no contexto das comunidades angloparlantes está nun nivel baixo-medio.			

Competencias de titulación	
Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A21	Rigor e seriedade no traballo
A22	Destrezas de tradución
A27	Capacidade de razoamento crítico
A29	Formación universitaria específica
A31	Coñecementos de informática profesional e TAC
A32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B4	Resolución de problemas
B7	Toma de decisións
B9	Razoamento crítico
B14	Motivación pola calidade
B17	Comprensión doutras culturas e costumes
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
B23	Capacidade de traballo individual

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Competencias metodolóxicas: desenvolver as habilidades de crítica e autocrítica de traducións; identificar e explotar a potencialidade dos repertorios das culturas orixinal e termo.	A17 A18	B7 B9 B14
Competencias contrastivas: dominar as diferenzas das convencións de escritura ortotipográfica e estilística das dúas linguas e das súas culturas; dominar os elementos de interferencia léxica e discrepancia morfosintáctica; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión na construción textual nas dúas linguas; coñecer as diverxencias e coincidencias das culturas.	A1 A2 A4 A29 A31	B2 B4 B17
Competencias textuais: desenvolver a capacidade para traducir textos de carácter xeral (diversas tipoloxías de uso común: literatura, medios de comunicación, medios audiovisuais, etc.	A1 A2 A4 A8 A17 A18 A21 A22 A27 A29 A32	B2 B4 B7 B9 B17 B22 B23

Contidos	
Tema	
1. Fontes de consulta para a tradución inglés / español (II).	1.1. Fontes de documentación en formato papel, electrónicas, en rede e textos paralelos
2. O proceso tradutor. Análise macrotextual: tipoloxías textuais, xéneros e rexistros	2.1. Tipos de textos 2.2. O xénero e as súas dimensións de análise 2.3. O rexistro e as súas dimensións de análise 2.4. Cohesión e estrutura textuais
3. A tradución de textos	3.1. Textos expositivos 3.2. Textos exhortativos
4. Control de calidade (II)	
5. Contextos culturais (II): Estados Unidos e Australia	
(*)IMPORTANTE: La materia exige que el estudiante trabaje por su cuenta los elementos de lingüística contrastiva inglés / español en los niveles ortotipográfico, léxico, morfosintáctico y estilístico.	

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	6	0	6
Prácticas en aulas de informática	6	12	18
Prácticas autónomas a través de TIC	6	12	18
Resolución de problemas e/ou exercicios	15	45	60
Sesión maxistral	6	12	18
Actividades introdutorias	6	17	23
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	3	4	7
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Traballos de aula	Consisten en exercicios que se desenvolverán na propia aula. Poden consistir, por exemplo, en exercicios de análise textual ou de revisión/corrección de traducións. Avaliaranse conxuntamente coas prácticas en aulas de informática e as prácticas autónomas a través de TIC.
Prácticas en aulas de informática	Para estas prácticas precísase dispor de equipo informático con conexión a Internet. Farase sobre todo traballo documental previo á tradución e traballo de aprendizaxe dalgunhas ferramentas básicas para a tradución. Avaliaranse conxuntamente cos traballos de aula e as prácticas autónomas a través de TIC.

Prácticas autónomas a través de TIC	Estas actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa práctica da tradución desenvolveranse de maneira autónoma a través das TIC. Avaliaranse conxuntamente coas prácticas en aulas de informática e os traballos de aula.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizaranse exercicios de tradución, que tentarán reproducir situacións reais, e exercicios de resolución de problemas (dificultades de tradución). Despois da presentación da base conceptual e procedimental nas sesións maxistrais, nas horas presenciais farase o traballo previo de análise e resolución de dúbidas. A seguir, o alumnado preparará as tarefas pola súa conta. Finalmente, e de novo nas horas presenciais, farase a posta en común e corrección dos resultados. Esta parte terase en conta na avaliación continua.
Sesión maxistral	As sesións maxistrais dedicaranse a explicar os contidos máis teóricos da materia, como a descrición do mercado da tradución do inglés ou a tipoloxía de erros, así como contidos teóricos fundamentais para desenvolver as tarefas prácticas, como aspectos contrastivos morfosintácticos e estilísticos entre as dúas linguas, referentes culturais etcétera. Malia estaren no apartado de sesións maxistrais, as clases serán de índole participativa e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Explicarase, en especial, o sistema de avaliación, a bibliografía recomendada e a de lectura obrigatoria. Ao finalizar, e xa como traballo autónomo, o alumnado deberá localizar a bibliografía dada.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O alumnado recibirá atención personalizada tanto na aula coma no horario de titorías (recoméndase pedir cita previa para evitar coincidencia con outras tarefas académicas).
Actividades introdutorias	O alumnado recibirá atención personalizada tanto na aula coma no horario de titorías (recoméndase pedir cita previa para evitar coincidencia con outras tarefas académicas).

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Avaliaranse conxuntamente coas prácticas en aulas de informática e as prácticas autónomas a través de TIC. TERANSE EN CONTA PARA PRECISAR A NOTA FINAL.	0
Prácticas en aulas de informática	Avaliaranse conxuntamente cos traballos de aula e as prácticas autónomas a través de TIC. TERANSE EN CONTA PARA PRECISAR A NOTA FINAL.	0
Prácticas autónomas a través de TIC	Avaliaranse conxuntamente coas prácticas en aulas de informática e os traballos de aula. TERANSE EN CONTA PARA PRECISAR A NOTA FINAL.	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliarase a resolución dos problemas e exercicios propostos para cada unidade.	20
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Consistirá nunha proba teórico-práctica de resolución de problemas puntuais de tradución a presentados a través de microtextos semellantes aos estudados na clase. O alumno poderá levar material de apoio ao exame (power points, apuntamentos, internet, dicionarios etc.).	70

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA: (recomendada)

A avaliación continua é a modalidade de ensino presencial para a materia. Se algunha persoa non pode cumprir esta condición, deberá comunicarllo á docente argumentadamente e presentar os xustificantes correspondentes. Se por causa de forza maior (traballo, enfermidade...) o alumno non puidese seguir o sistema de avaliación continua a pesar de escoller esta opción, poderá acollerse á avaliación única. O alumno que non supere a materia e teña que acudir á proba de xullo (2ª edición de actas) deberá superar un exame con todos os contidos de toda a materia (ver condicións, semellantes ás da avaliación única).

AVALIACIÓN ÚNICA:

O alumnado que non se acolla á modalidade de ensino presencial (avaliación continua) poderá presentarse á proba final na penúltima/última sesión de clase (acordarase coa profesora). O exame final incluirá cuestións teóricas e prácticas relativas ao total dos contidos abordados ao longo do cuatrimestre. A nota mínima que se require para superar esta proba é un 5 sobre 10. Como material de apoio para o exame poderase levar ordenador (procesador de textos, dicionarios instalados e apuntamentos) e todo tipo de obras de consulta. Os exercicios do exame realizaranse en papel.
PÓDESE INCLUÍR UNHA PREGUNTA NAS PROBAS SOBRE A OBRA LITERARIA OBRIGATORIA DE CURSO (sobre o argumento, fragmento para traducir, etc.).

Bibliografía. Fontes de información

Baker, Mona e Gabriela Saldanha, **Routledge encyclopedia of translation studies**, London: Routledge,

Gouadec, Daniel, **Translation as a Profession**, Amsterdam [etc.] : John Benjamins,

López Guix, J.G. e J. Minett, **Manual de traducción inglés > castellano**, Barcelona: Gedisa,

Nord, Ch., **"Text Analysis in Translator Training", en Dollerup, C. e A. Loddegaard (eds.). Teaching Translation and Interpreting**, Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins Pub., 40-45,

Nord, Ch., **Translating as a Purposeful Activity: Functionalist Approaches Explained.**, Manchester: St. Jerome,

Toury, Gideon, **Descriptive Translation Studies and Beyond**, Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins Pub,

Baker, Mona, **A Course on Translation**, London: Routledge,

A bibliografía aquí listada é a básica. Na clase e a través da plataforma TEMA forneceranse lecturas complementarias.

Lecturas obrigatorias:

- López Guix, J.G. e J. Minett (1997) Manual de traducción inglés > castellano. Barcelona: Gedisa.

- Nord, Ch. (1992) "Text Analysis in Translator Training", en Dollerup, C. e A. Loddegaard (eds.). Teaching Translation and Interpreting. Amsteram/Philadelphia: John Benjamins Pub., 40-45.

- Nord, Ch. (1997) Translating as a Purposeful Activity: Functionalist Approaches Explained. Manchester: St. Jerome.

- Toury, G. (1995) Descriptive Translation Studies and Beyond. Amsterman/Philadelphia: John Benjamins Pub.

** Lectura obrigatoria para practicar a lingua inglesa: comunicarase nas primeiras sesións

Avaliación das lecturas:

Os exercicios, os traballos de curso e o exame presupoñen a consulta e interiorización dos conceptos tratados nestes libros, polo que non se avaliarán especificamente. A lectura obrigatoria pode entrar nas probas de tradución.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, III: Inglés-Español/V01G230V01610

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma 2, IV: Inglés/V01G230V01405
Tradución idioma 2, I: Inglés-Español/V01G230V01410

Outros comentarios

Para poder cursar con aproveitamento esta materia é recomendable o aprobado en Idioma 2, IV Inglés.